

Así foi o segundo trimestre

Cando remata o trimestre facémosvos chegar este documento, co que pretendemos contarvos o máis destacable que tivo lugar ó longo destes meses. Esta información é o complemento da reflexión levada a cabo polos vosos fillos/as no boletín 'as novas da escola' que eles mesmos elaboraron, e que nesta ocasión, ó final do mesmo, incluimos o resumo dun artigo cos aspectos máis relevantes do sistema educativo finlandes, o mellor valorado en todo o mundo pola súa calidade e resultados.

Lembrede que tedes máis información, destas e outras tarefas, acompañada de fotografías, na **páxina web** do centro <http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino> (no recanto de INFANTIL 2), nela poderedes atopar a totalidade dos traballos realizados, que como observaredes son moitos máis dos que levan no seu dossier trimestral para casa, así como unha explicación de cada un deles.



Ó longo destes últimos meses continuamos e rematamos o noso **proxecto de investigación sobre 'Chaplin'**, dando resposta ás últimas preguntas que se plantexaran, agora tan só nos queda comezar a creación e rodaxe da nosa película, da que estaredes puntualmente informados. Cando rematemos o traballo pendente os vosos fillos e fillas levarán para casa o dossier da investigación.

Un ano máis participamos nas actividades do **Salón do Libro de Pontevedra**, este ano adicadas á ciencia e ficción, para o que levamos a cabo na aula unha serie de **experimentos científicos**, que de seguro vos comentaron os vosos fillos/as, e que agora poderedes ver un por un no 'caderno do científico' que os nenos e nenas foron elaborando a medida que ían experimentando na aula.



Como cada mes continuamos a **celebrar os aniversarios dos vosos fillos e fillas** elaborando unha tarta na aula, para poder así traballar (empregando as receitas das mesas) aspectos como as cantidades, escritura e lectura de listados, comparación de dimensións ou a serie numérica desde a súa vertente funcional, empregando entre outros elementos o calendario da aula.

Para celebrar o **Día da Paz**, nesta ocasión centrámonos no derito á educación de tódolos nenos e nenas do mundo, para o que descubrimos e coñecemos a nena **Malala**, elaborando unha árbore da súa vida e cos seus actos máis relevantes. Tamén pintamos unhas camisetas co símbolo da paz, que vestimos para participar nas actividades organizadas polo centro con motivo desta celebración.





Continuamos a completar o noso diccionario persoal, que iniciáramos o trimestre pasado, gracias **ó muro das palabras**, que imos enchendo cada semana entre todos e todas, nesta ocasión engandindo tamén as palabras que íades enviando polos vosos fillos das casas e con persoaxes relevantes cuxo nome comezase pola letra de cada momento.

Durante a visita ás actividades **do 'Salón do libro' de Pontevedra**, assistimos a sesións de contacontos, visitamos a exposición de traballos e, por suposto, voltamos a visitar ó lobo ORBIL. Assistimos a unha **obra de teatro** organizada pola fundación Abanca, tamén en Pontevedra e a un **concerto de música** organizado pola profe Merce no colexio.



O **beebot e o probot**, os nosos robots educativos, axudáronnos a traballar aspectos de lóxica matemática e orientación espacial no plano, así como a planificación e plantexamento de diferentes estratexias para acadar a meta buscada. En moitas ocasións de forma coordinada cos compañeiros e compañeiras. O mesmo sucedeu nas actividades de motricidade

no pavillón

Coa chegada do **Entroido** elaboramos os nosos disfraces de **científicos**, dentro da temática do traballo cos experimentos. Como cada ano participamos tamén nas **'ordes do Meco'** para o que os vosos fillos tiveron que escribir unha nota informativa cada día. Por último estivemos presentes no desfile de Entroido do colexio, no que novamente agradecemos a vosa colaboración e



participación.



Levamos a cabo **'entrevistas' sobre as mascotas de peluche preferidas**, que trouxeron os vosos fillos e fillas, gracias novamente á vosa colaboración, e plasmámolo nun mural.



Continuamos a sementar na aula e, nalgúns casos traballamos cos produtos, como no caso da elaboración do **batido de fresas**, traballando cantidades e medidas, que ó igual que outras moitas tarefas, foron levadas a cabo a través de traballo en **equipo cooperativos**.

Novamente vos emplazamos a que comentedes cos vosos fillos os traballos deste trimestre, e visitedes o recanto de infantil na web do centro, xa que alí atoparedes moita máis información sobre estas tarefas e outras moitas que sucederon na nosa aula neste segundo trimestre.

marzo 2015